

Buenos Aires, 17 de Xaneiro de 1972.

Sr. D. Ramón Piñeiro

Santiago

Meu querido amigo:

Recibín as tuas duas cartas e coa derradeira o recorte da entrevista a López Garabal encol do acordo dos albaceas sobre o destino da obra de Maside. Cando os albaceas se xuntaron en Santiago non existía, que eu sepa, nesta cidade museo algún de pintura e cando dispoñían de ditas obras facían, polo menos eu, pensando en que Galicia enteira é unha cidade e que as obras dun artista o mesmo dá que estén en calisquera das súas poboacións, Vigo, A Cruña, Santiago, etc. Cando Isaac e mais eu matínamos no Museo Carlos Maside decidímonos a facelo no Castro precisamente con ese criterio moi dacordo coas aspiracións urbanísticas do noso tempo. Dentro de 20 ou 30 anos mais as distancias serán menores e mais a descentralización urbana. A mín danme ganas de rir cando os cruñeses queren sacarlle o que poidan á Universidade de Santiago, ou os vigueses ós cruñeses calquer industria ou escola técnica. O señor López Garabal debe entender que o Museo de Santiago non existe aínda. Que si nunha época o aúntamento de Santiago fíxolle encargos a Maside, logo do falecemento deste con motivo da súa disposición nesa cidade o aúntamento negouse a pagar o catálogo, o único de Galicia. Pero o mais importante é que o Museo de Santiago non existe y eu pola miña parte estaría cecáis en contra da súa fundación. Abundan coq que hai en Galicia. Non se dixo en ningún intre polos albaceas que Santiago tivese sido allea á tendencia renpadora do pintor. Os que estimulábase a Maside ou éramos de Santiago ou viviamos alí. O que se dixo sí, é que pra vender ou traballar como artista gráfico tivo que vivir en Vigo. Non pretenderá ninguén que dous ou tres encargos polo aúntamento poden xustifican nada.

Non sei porque escribo todo esto. Cecáis porque penso

que todo o mal noso reside nas ^{pequenas} diferencias, nos resentimentos producidos por cousas miudas. Por esas "rencillas parroquiales de nuestros aldeanos" coma dí moi inxustamente Lópe_z Garabal atribuíndolle ós aldeáns un xeito de aitu~~ar~~ distinto ós cidadáns galegos, e sin matinar que en Galicia todos somos aldeáns.

Participéille os teus saúdos a Varela que chos agradeceu moito. Sempre se lembra de tí, de Fole, de Lois, e de outros amigos de Lugo. Non anda ben de saúde.

Unha grande aperta de Maruja e miña pra Isabel e pra tí: